



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN “GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO SUR” PARA A APLICACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVA (EDLP) NO MARCO DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS ZONAS DE PESCA DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP) 2014-2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar

DECLARA:

Que esta Dirección xeral ten previsto formalizar coa asociación Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata transcorridos 5 anos despois do último pagamento realizado, de xeito que o GALP non poderá disolverse ata que transcorra o devandito período, previa prestación á Consellería do Mar dunha garantía polas responsabilidades contraídas.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións e obrigas que asume o Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur como entidade colaboradora da Consellería do Mar na dobre vertente de axente de desenvolvemento na aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativa da zona pesqueira, e na xestión e control das axudas que se tramiten para o desenvolvemento de dita estratexia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte: Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo e Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, establece no Título III, Capítulo II que o Desenvolvemento Local Participativo (DLP) se levará a cabo a través de estratexias de desenvolvemento local integradas, multisectoriais e baseadas en zonas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)

satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela o día 13 de febreiro de 2017.

